

Guadi Galego celebra a aceptación da vida e reivindica o dereito a seguir experimentando en *O.D.A.*, o seu novo sinxelo

A creadora publicará este 29 de setembro, nas principais plataformas dixitais, o tema, producido por Iago Pico e que se acompañará dun videoclip dirixido por Inés Salvado



Portada dixital de *O.D.A.*, o novo sinxelo de Guadi Galego.

Cedeira, 27 de setembro de 2023.- “Estou viva”, afirma Guadi Galego. Unha sentenza que a cantante declama e confirma no seu novo sinxelo, nomeado [O.D.A.](#) A música e compositora publicará este venres, 29 de setembro, o seu novo tema. Unha declaración de intencións e unha chamada á ousadía que se poderá escoitar, desde as 00.00 horas, [nas principais plataformas dixitais](#). A canción, a primeira que lanza desde a publicación do seu LP *Roibén* (2022), conta coa produción de Iago Pico (Pouland Studios). *O.D.A.*, ademais, acompañarase dun videoclip dirixido por Inés Salvado e que se poderá ver tamén desde este venres 29 [na canle de Youtube de Guadi Galego](#).

Guadi Galego define [O.D.A](#) como “unha declaración de intencións sobre o concepto da madurez e a aceptación da vida, de valorar o vivido como propio e reivindicar o dereito a seguir experimentando”. Precisamente iso é parte do que fai a artista nesta nova canción, na que mantendo as súas sinais de identidade clásicas, dá cabida a novos sons como parte dese dereito a continuar crescendo. *O.D.A* é, como expresa na súa letra, una reivindicación da ousadía e un abrazo á diferenza que nos recorda, ao cabo, que seguimos vivas. Todo, apunta a artista, “sen desmarcarnos nunca da nosa responsabilidade propia e colectiva” e sen olvidar que “a alegría segue dentro de nós”.

GUADI GALEGO

É unha das artistas máis relevantes da escena musical galega das últimas décadas. A súa andaina musical comezou sendo ela moi nova, un camiño fiado especialmente a Berrogüeto como vocalista, pianista e gaiteira, e que, co tempo, deu paso a outros proxectos máis persoais, como Espido ou Nordestin@s.

No 2009 inicia a súa carreira en solitario con *Benzón*. Logo chegarían os exitosos *Lúas de Outubro e Agosto* (con éxitos indiscutibles como *Chea de vida* ou *Matriarcas*), *O mundo está parado*, *Inmersión*, *Costuras* ou o máis recente *Roibén*, LP que presentou en diferentes puntos da xeografía peninsular. Este outono lanza o sinxelo *O.D.A*, toda unha declaración de intencións sobre a madurez e aceptación da vida, e na que reivindica o dereito a seguir experimentando, pois *O.D.A* non é só un punto de chegada: marca o inicio dunha nova etapa na carreira da artista.

Descarga o [kit de prensa de Guadi Galego](#)

Contacto de prensa

The Office Comunicación | prensa@theofficeco.es

Lucía Pita (675 404 321) e Luisa Castiñeira (620 113 155)

Management & contratación

Culturactiva | info@culturactiva.org

Manuel Roxo (981 58 28 36)